



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 05)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **un de febreiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos e D. Lino Rodríguez Onega

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E PARADELA, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Paradelas no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na

base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecece “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...) previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº OBRA	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
104	MELLORA DO PAVIMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL	2018 3410 762	5.332,00€

Así mesmo, por escrito de data 23 de xaneiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DOS PARAMENTOS INTERIORES DO PAVILLÓN MUNICIPAL DEPORTE DE	2018 3410 762	5.332,00€	0,00€	5.332,00€

Concello de Paradela

O Concello de Paradela presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
189	CONSTRUCCIÓN DE MURO DE ESCOLLEIRA EN CAMIÑO DE CARABA E EN CORTES E PAVIMENTACIÓN EN SAN CRISTOVO, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	13.983,76€

Así mesmo, por escrito de data 24 de xaneiro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuación relacionada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
PAVIMENTACIÓN DO NÚCLEO DE GUIÁN (TERMINACIÓN)	2018 1531 762	13.983,76€	12.516,24€	26.500,00€

Tendo en conta as solicitudes dos concellos anteriormente indicados, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das bases reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Paradelas, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN		APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	MELLORA DOS PARAMENTOS INTERIORES DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTE	2018 3410 762	5.332,00€	0,00€	5.332,00€
PARADELA	PAVIMENTACIÓN DO NÚCLEO DE GUIÁN (TERMINACIÓN)	2018 1531 762	13.983,76€	12.516,24€	26.500,00€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE ALFOZ, A FONSAGRADA, CHANTADA E NEGUEIRA DE MUÑÍZ, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Alfoz, A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

As Alcaldías dos concellos indicados solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Alfoz:

O concello de Alfoz incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

ALFOZ	5	IDENTIFICACIÓN	ALUMEADO PÚBLICO EN AS LEAS (BACOI), CARBALLO MARIÑO (LAGOA), AS OIRAS, O XORDELO (MOR), REIRADO, O LIÑAR (MOR), O CRISTO (ADELÁN) E A COSTIÑA (BACOI), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	29.581,10	0,00	29.581,10			X
	6	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A RETORNO AUGALONGA, ARNEAL, FAIAN DE ABAIXO (O PEREIRO), OUTEIRO, CANCELA (ADELÁN), VILAÚDE (MOR), ARNELA, PENALVEIRA, CAMPO PERGAO, CAXIGUEIRA, O CARBALLAL, A RESURA, VILAÚDE-REIRADO E LIÑAR, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	104.308,57	13.368,90	117.677,47		X	

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2018 concedeuse prórroga ao Concello de Alfoz nos termos seguintes:

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
5	ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A RETORNO AUGALONGA, ARNEAL, FAIAN DE ABAIXO (O PEREIRO), OUTEIRO, CANCELA (ADELÁN), VILAÚDE (MOR), ARNELA, PENALVEIRA, CAMPO PERGAO, CAXIGUEIRA, O CARBALLAL, A RESURA, VILAÚDE-REIRADO E LIÑAR, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	ALFOZ	01-03-2019

A Alcaldía do Concello de Alfoz, a través de escrito con rexistro de entrada de data 29 de xaneiro de 2019 solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... retraso na obtención de autorizacións sectoriais (...) ” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
5	ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A RETORNO AUGALONGA, ARNEAL, FAIAN DE ABAIXO (O PEREIRO), OUTEIRO, CANCELA (ADELÁN), VILAÚDE (MOR), ARNELA, PENALVEIRA, CAMPO PERGAO, CAXIGUEIRA, O CARBALLAL, A RESURA, VILAÚDE-REIRADO E LIÑAR, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	01-06-2019

Concello de A Fonsagrada:

O concello de A Fonsagrada incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

FONSAGRADA	94	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVDA. DE GALICIA				
		FINANCIACIÓN	230.188,79	18.585,70	248.774,49	X	



Por acordo da Xunta de Goberno, de data 04 de xaneiro de 2019, concedeuse ao Concello de A Fonsagrada, prorroga para a adxudicación e formalización do contrato do investimento indicado nos termos que se sinalan:

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
94	ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVICIOS NA AVDA. DE GALICIA	A FONSGRADA	31-01-2019

A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, a través de escrito con rexistro de entrada de data 24 de xaneiro de 2019, solicita unha nova prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “...non ter autorizacións pertinentes da dirección xeral de Patrimonio Cultural ...” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
94	ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVICIOS NA AVDA. DE GALICIA	31-03-2019

Concello de Chantada:

O concello de Chantada incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

CHANTADA	81	IDENTIFICACIÓN	SINALIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS NO CONCELLO DE CHANTADA				
		FINANCIACIÓN	8.000,00	2.000,00	10.000,00		X
	82	IDENTIFICACIÓN	SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL				
		FINANCIACIÓN	284.977,08	0,00	284.977,08		X
	83	IDENTIFICACIÓN	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL NA ESTRADA DO SEIXO				
		FINANCIACIÓN	17.695,56	34.337,34	52.032,90		X

A Alcaldía do Concello de Chantada, a través de escritos con rexistros de entrada de data 24 de xaneiro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “...necesidade de obter informes sectoriais precisos que se demoraron no tempo...” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
81	SINALIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS NO CONCELLO DE CHANTADA	30/06/2019
83	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL NA ESTRADA DO SEIXO	30/06/2019

Concello de Negueira de Muñiz:

O concello de Negueira De Muñiz incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

NEGUEIRA DE MUÑIZ	164	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DAS REDES VIARIAS INTERNAS DE NEGUEIRA E SANTALLA, (segundo coordenadas UTM)					
		FINANCIACIÓN	23.441,60	0,00	23.441,60			X
	165	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN ROBLEDO E VILAR					
		FINANCIACIÓN	22.839,94	10.108,40	32.948,34			X
	166	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO DE AGUA EN VIALUXÍN					
		FINANCIACIÓN	33.041,62	158,60	33.200,22		X	
	167	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DUN TRACTOR 4*4					
		FINANCIACIÓN	33.000,00	0,00	33.000,00			X

A Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, a través de escrito con rexistro de entrada de data 23 de xaneiro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación

manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ...la cantidad se reveló insuficiente, habida cuenta de la escasez de vehículos disponibles y, a resulta de ello, una superior valoración económica por parte de los ofertantes...” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
167	ADQUISICIÓN DUN TRACTOR 4*4	30/07/2019

En relación con estas solicitudes das alcaldías dos Concellos de A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, e tendo en conta os motivos que aduce, cabe admitir a solicitude de prórroga, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada, trámite que non se levou a cabo nestas datas.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2018, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de solicitude de prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos indicados, incluídos

no Plan único 2018, dos Concellos de, A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, debe entenderse presentadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desistemento ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos de Alfoz, A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga aos Concellos de Alfoz, A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte os seguintes acordos:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Alfoz, A Fonsagrada, Chantada e Negueira de Muñiz, e en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a adxudicación dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración (anexo III ou IV).



INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
5	ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A RETORNO AUGALONGA, ARNEAL, FAIAN DE ABAIXO (O PEREIRO), OUTEIRO, CANCELA (ADELÁN), VILAÚDE (MOR), ARNELA, PENALVEIRA, CAMPO PERGAO, CAXIGUEIRA, O CARBALLAL, A RESURA, VILAÚDE-REIRADO E LIÑAR, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	ALFOZ	01-06-2019
81	SINALIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS NO CONCELLO DE CHANTADA	CHANTADA	30-06-2019
83	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL NA ESTRADA DO SEIXO		
94	ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVDA. DE GALICIA	A FONSAGRADA	31-03-2019
167	ADQUISICIÓN DUN TRACTOR 4*4	NEGUEIRA DE MUÑIZ	30-07-2019

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5602 “SAMOS (LU-633)-PINTÍN-SARRIA (LU-633)”, P.K. 15+480 A 17+495 E LU-P-5702 “PEDRAFITA (LUP5703)-SABADELLE-VILANOVA DE SAN VICENTE DE FROIAN”, P.K. 0+000 A 2+611.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 a 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froián", P.K. 0+000 a 2+611.

Antecedentes

Acordo Plenario do 31 de outubro de 2017, polo que se aproba o Plan Extraordinario de Rehabilitación de Firms de Vías Provinciais 2017-2019 (PERF 2017/19)

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 a 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froián", P.K. 0+000 a 2+611, redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Orde de inicio de procedemento de contratación

Solicitude de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais adscritos á execución da obra.

Lexislación aplicable



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).
- Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos

as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

– Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello
- Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 a 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froián", P.K. 0+000 a 2+611. O proxecto técnico da obra está redactado polo enxeñeiro D. Héctor Diéguez Aranda.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da

LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP. Neste caso non se aplica o criterio cualitativo de melloras, segundo a motivación que consta no expediente, referida a que o proxecto abarca a totalidade da vía, non sendo posible aludir, “a priori”, a melloras

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 24/1/2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.61955 por importe de 262.950,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 10 de xaneiro de 2019, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será precisa a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 a 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froián", P.K. 0+000 a 2+611, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 262.950,00€, dos cales 45.635,95 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE LUGO.- REPARACIÓN ESTRUCTURAL DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra nomeada: LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María

Antecedentes

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María, redactado por Don Pablo Rodríguez Fernández.

Documento xustificativo da necesidade da contratación.

Informes referentes a vicios ocultos revelados durante a execución das obras de adecuación dos pavillóns número 1 e 2 do Fogar de Santa María.

Informe favorable de supervisión do proxecto de data 30 de novembro de 2018

Orde de inicio de procedemento de contratación

Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Memoria xustificativa

Informe de necesidades de recursos humanos e materiais para a execución da obra.

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

- Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.
- Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello
- Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra LUGO.- Reparación Estrutural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María. O proxecto técnico da obra está redactado polo Arquitecto D. Pablo Rodríguez Fernández, e foi supervisado, tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 30/11/2018.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmóbel”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

O prego de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co

punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Queda motivado polo técnico autor do proxecto a incorporación dos criterios cualitativos de tipo subxectivo, dada a especial natureza da actuación (singularidade da edificación) e a necesaria coordinación coas obras que se están a desenvolver con outro contrato.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa e en informe específico incorporados ao expediente.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9320.632, por importe de 515.671,60 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Arquitecto D. Pablo Rodríguez Fernández, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)-Currelos (LU-611)", P.K. 14+500 a 22+340, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobado o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobado o gasto por importe de 519.755,00 €, dos cales 90.205,41 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA, CONTROL DE ACCESOS E DETECCIÓN DE INTRUSIÓN DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 30 de xaneiro de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Consideracións Xurídicas

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos, a efectos da contratación do sector público, a partir do 1 de xaneiro de 2018; e ademais non é susceptible de

recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

Motivouse a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Motivouse, segundo consta no expediente, a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP no informe do órgano xestor; nesta destácase que:

- As empresas licitadoras poderán ofertar unhas condicións máis vantaxosas economicamente se o fan polos nove centros no seu conxunto, que se se ofertan individualmente.
- Cunha soa empresa adxudicataria conséguese unha mellor xestión técnica no control e seguimento do contrato de mantemento.
- Dado o número de equipos a manter e os medios materiais e humanos necesarios para este mantemento, o feito de non dividir en lotes o obxecto do contrato, non impide o acceso á licitación ás pequenas e medianas empresas.

Visto que tal e como consta na acta correspondente a sesión da mesa de contratación do 22 de outubro do 2018, deuse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral de data 4 de outubro de 2018, “Contratación do servizo de mantemento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión da Deputación Provincial de Lugo”, indicando as seguintes empresas presentadas:

	LICITADORES
1	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L.
2	SEGURSYSTEM EUROPA,S.L.

Tendo en conta que a empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta, procedérase á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa.

Resulta que a empresa BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L., presenta as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas, polo que a mesa de contratación acordou admitir a proposta da mesma ao proceso de adxudicación.

En canto a documentación administrativa aportada pola mercantil SEGURSYSTEM EUROPA,S.L., non precisa no anexo I o correo electrónico a efectos da comunicación e notificación, pero consta no DEUC o correo correo@segursystemeuropa.com e na cara dianteira do sobre o correo gerencia@segursystemeuropa.com. Circunstancia que se entende debe aclarar e requirirse a súa mellora. Non obstante esta subsanación ou mellora, considerada non esencial, non impiden que se continuase coa tramitación condicionada a que efectivamente se cumprimentase ese trámite.

Acto seguido procedeuse á apertura do sobre “B”, contendo a proposta económica e suxeita a valores matemáticas ou obxectivos, co seguinte resultado:

Proposición económica

a) Oferta económica	BASTET	SEGURSYSTEM
Importe/ano	17.900,00 €/ano IVE 21%: 3.759,00 € Total: 21.659€/ano	23.400,00 €/ano IVE 21%: 4.914,00 € Total: 28.314,00 €/ano
Importe/ 2 anos	35.800,00€ IVE 21%: 7.518,00€ Total: 43.318,00€	23.400,00 € IVE 21%: 4.914,00 € Total: 28.314,00 €
b) Porcentaxe de cámaras a substituír:		
1. Pazo Provincial	100 %	0 %
2. Taller de Cestería	100 %	100 %
3. Centro de Interpretación Terras do Miño	100 %	100 %
4. Parque Móbil	100 %	50 %
5. Hospital de San José (Fundación TIC)	100 %	0 %
6. Hospital San Rafael	100 %	0 %
7. Arquivo Provincial e Talleres de Mantemento	100 %	75 %



8. Museo San Paio de Narla	100 %	100 %
9. Museo do Mar	100 %	100 %
10. Mazo de Santa Comba	100 %	100 %
11. Complexo turístico de Augas Mestas	100 %	100 %
12. Museo Provincial	100 %	25 %

A vista das proposicións económicas presentadas pola empresa SEGURSYSTEM EUROPA,SL, na que repite a mesma cantidade no apartado importe/ano e importe/2 anos (duración do contrato), sen facer indicación algunha que poida deducirse se o importe ofertado se refire a un ano ou o total do contrato (2 anos):

“A cantidade total de 23400 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 2 anos, aos que haberá que engadir 4914 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 28314 euros/ano.

Importe total 23400 euros para os dous anos, aos que haberá que engadir 4914 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 28314 euros”.

Ponderouse e deliberouse pola mesa sobre as consecuencias de formular a proposición económica dese xeito. A mesa entende que a cantidade ofertada refírese a dous anos.

Discerniuse que non se estaba ante un erro meramente contable posto que en ningún lugar da proposición presentada aparece referencia que aclare se o importe ofertado se refire a un ano ou a dous; o que exclúe ou impide que a mesa de contratación efectúe unha mera operación matemática. Esa diverxencia entre a forma de expresar o prezo na proposición e os requirimentos do prego de condicións, incluso sen posibilidade de efectuar unha operación matemática, provoca que o erro se alonxe da categoría de meramente formal.

En informes precedentes, levados a outras sesións de mesas de contratación da Deputación Provincial, noutros expedientes contractuais estudíase o coñecido como erro obstativo.

O erro non é meramente formal, posto que a diferenza no prezo do contrato se tomásemos o importe anual o como efectuado para os dous anos, é substancial e moi notable. En definitiva, pode existir un error na expresión da vontade que diverxe da realmente conformada.

Logo dunha ampla deliberación da mesa de contratación considerouse procedente a concesión de un prazo de tres días hábiles, a licitadora, coa finalidade de que aclare a súa oferta, xa que puidera tratarse dun erro manifesto no importe da proposición ao expresalo, portador dunha inconsistencia que o fagan inviable. En todo caso, dita aclaración non suporá unha modificación dos termos da oferta, ben por variar o seu sentido, ben por incorporar outros inicialmente non previstos.

Solicitada aclaración da documentación administrativa e da oferta económica da mercantil SEGURSYSTEM EUROPA,SL, a mesa de contratación de data 16 de novembro considerou procedente admitir a oferta de SEGURSYSTEM EUROPA,SL, entendendo que a súa oferta é nos seguintes termos:

“A cantidade total de 23400 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 2 anos, aos que haberá que engadir 4914 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 28314 euros/ano.

E a cantidade polos dous anos, calculada polo importe do dobre da oferta anual:

“Importe total 46800 euros para os dous anos, aos que haberá que engadir 9828 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 56628 euros”.

Así as cousas, detectouse en cálculos precedentes que a oferta de BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L. está incursa en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, debendo cumprimentarse o trámite previsto na cláusula 13 do PCAP, en relación co estipulado no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Aberto trámite de audiencia a empresa BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L., a empresa presenta a xustificación da súa oferta. Con data 14 de decembro o xefe da sección de mantemento desta Deputación presenta informe no que conclúe que considera que a oferta da mercantil non se debe considerar desproporcionada ou anormalmente baixa dado que a suma dos gastos fixos e mais variables da empresa sinalada permiten obter un beneficio de un 9 % (incluso coa súa oferta presentada), cantidade a xuízo dese informante como normal neste tipo de contratos.

A mesa de contratación volve a reunirse o 27 de decembro de 2018, para dar conta do trámite de audiencia da mercantil BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L. e informe sobre a xustificación, e proceder a proposta de adxudicación.

A mesa acorda por unanimidade publicar na plataforma de contratación do Sector Público as puntuacións totais e elevar informe–proposta á Presidencia para que adopte a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,SL	100,00 puntos
2	SEGURSYSTEM EUROPA,SL	55,60 puntos

Requirir á empresa BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,SL, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

A cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares,

do Prego de Prescricións Técnicas, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O Artigo 59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, é aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA,S.L., a contratación do servizo de mantemento de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar por 35.800,00 €, aos que se engadirán 7.518,00 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 43.318,00 € o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta referente as melloras tecnolóxicas de porcentaxe de cámaras a substituír:

1. Pazo Provincial	100 %
2. Taller de Cestería	100 %
3. Centro de Interpretación Terras do Miño	100 %
4. Parque Móbil	100 %
5. Hospital de San José (Fundación TIC)	100 %
6. Hospital San Rafael	100 %
7. Arquivo Provincial e Talleres de Mantemento	100 %
8. Museo San Paio de Narla	100 %
9. Museo do Mar	100 %



10. Mazo de Santa Comba	100 %
11. Complexo turístico de Augas Mestas	100 %
12. Museo Provincial	100 %

E coa seguinte distribución por aplicacións e anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	2019	2020	2021
PAZO PROVINCIAL	9200.22701	1.062,49	1.214,28	151,78
FOGAR SANTA MARIA	9200.22701	1.542,80	1.763,20	220,40
PAZO DOS DEPORTES	3420.22701	1.096,45	1.253,09	156,64
MUSEO PROVINCIAL	3330.22701	4.183,73	4.781,41	597,68
TALLER DE CESTERIA	2413.22701	690,86	789,55	98,69
C.INTERPRETACION TERRAS DO MIÑO	1729.22701	690,86	789,55	98,69
ARQUIVO E TALLERES MANTEMENTO	9200.22701	988,18	1.129,35	141,17
PARQUE MOBIL	9201.22701	1.251,20	1.429,94	178,74
MAZO SANTA COMBA	1729.22701	913,85	1.044,40	130,55
EDIFICIO TIC	3240.22701	1.062,49	1.214,28	151,78
HOSPITAL SAN RAFAEL	9330.22701	1.061,79	1.213,48	151,68
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22701	765,17	874,48	109,31
MUSEO DO MAR	3333.22701	839,53	959,46	119,93
PAZO DE TOR	3332.22701	2.194,86	2.508,42	313,55
AUGASMESTAS	9330.22701	607,34	694,12	86,76
SUMA.....		18.951,62	21.659,00	2.707,38

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade 21.659,00 € e 2.707,38 € na anualidade 2021, nas aplicacións indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a formalización do contrato, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a formalización do contrato, os medios persoais adscritos á execución do obxecto do contrato.

- O cumprimento pola empresa adxudicataria do deber de presentar xunto coa factura, unha declaración responsable de ter aboado os salarios aos traballadores adscritos á execución do contrato e declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

- Cumprir as melloras ofertadas polo licitador adxudicatario.

- A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 2 anos, prorrogable por outros dous, non podendo superar os 12 meses (un ano) cada unha destas prorrogas, contados dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante

(<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN, LIÑAS DE MEDIA TENSIÓN E GRUPOS ELECTRÓXENOS DOS CENTROS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 30 de xaneiro de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Consideracións Xurídicas

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento dos centros de transformación da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos, a efectos da contratación do sector público, a partir do 1 de xaneiro de 2018; e ademais non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Motivouse, segundo consta no expediente, a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP no informe do órgano xestor; nesta destácase que:

- As empresas licitadoras poderán ofertar unhas condicións máis vantaxosas economicamente se o fan polos nove centros no seu conxunto, que se se ofertan individualmente.
- Cunha soa empresa adxudicataria conséguese unha mellor xestión técnica no control e seguimento do contrato de mantemento.
- Dado o número de equipos a manter e os medios materiais e humanos necesarios para este mantemento, o feito de non dividir en lotes o obxecto do contrato, non impide o acceso á licitación ás pequenas e medianas empresas.

Visto que tal e como consta na acta correspondente a sesión da mesa de contratación do 29 de outubro do 2018, deuse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral de data 18 de outubro de 2018 “Contratación do servizo de mantemento dos centros de transformación, liñas de transformación, liñas de media tensión e grupos electrógenos dos centros da Deputación Provincial de Lugo”, indicando as seguintes empresas presentadas:

LICITADOR
MANUEL NOVA CASTRO,SLU
HALLMANN ENERGIE,SL
ELECNOR,SA
NARONTEC GESTION SL
MONCOBRA,SA
AXIAL INGENIERIA SLU

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan, en tempo e forma, as súas propostas, procedeuse á apertura e exame do sobre “A” co seguinte resultado:

Sobre A – Documentación Administrativa

EMPRESA	ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE	ANEXO II: DECL. ART. 42 C.C.	ANEXO III: DEUC	ANEXO II bis. CAPACIDADE
MANUEL NOVA CASTRO,SLU	<u>X</u>	<u>X</u>		<u>X</u>
HALLMANN ENERGIE,SL	<u>X</u>	<u>X</u>		<u>X</u>
ELECNOR,SA	<u>X</u>	<u>X</u>		<u>X</u>
NARONTEC GESTION SL		<u>X</u>	<u>X</u>	Falta(1)
MONCOBRA,SA		Falta	<u>X</u>	Falta(2)
AXIAL INGENIERIA SLU	<u>X</u>	<u>X</u>	<u>X</u>	Falta(3)

Nota:

A documentación administrativa de NARONTEC GESTIÓN,SL, debería completarse e completouse co Anexo II.bis e corroborar a dirección de correo electrónico na que autoriza as comunicacións e notificacións desta licitación é a que figura no DEUC (narontec@narontec.es) ou outra diferente.

A documentación administrativa de MONCOBRA,SA, debería completarse e así se fixo co Anexo II, AnexoII.bis e corroborar a dirección de correo electrónico na que autoriza as comunicacións e notificacións desta licitación é a que figura no DEUC (cristina.barajas@grupocobra.com) ou outra diferente.

A documentación administrativa de AXIAL INGENIERIA SLU debería completarse (tal como sucedeu) co Anexo II, AnexoII.bis e corroborar a dirección de correo electrónico na que autoriza as comunicacións e notificacións desta licitación é a que figura no DEUC (antonio@axialingenieria.net) ou outra diferente. Ademais deberá asinar manualmente os modelos presentados Anexo I, Anexo II e Deuc

A mesa naquela sesión do 29 de outubro de 2018, decidiu, por unanimidade, continuar co procedemento e abrir o sobre B de oferta económica, condicionando a que as licitadores completen as deficiencias do sobre A. Sendo os resultados da apertura do sobre B os seguintes:

ANEXO V – PROPOSICIÓN ECONÓMICA – Tipo de Licitación (con IVE): 21.780,00 €		
	OF. ECONÓMICA (importe total 2 anos – sen IVE / con IVE)	MAIORES MEDIOS PERSOAS ASIG.
MANUEL NOVA CASTRO,SLU	13.050,00 / 15.790,50	2
HALLMANN ENERGIE,SL	15.180,00 / 18.367,80	9
ELECNOR,SA (1)	15.452,78 / 18.697,86	1
NARONTEC GESTION SL (2)	17.000,00 / 20.570,00	2
MONCOBRA,SA	12.770,00 / 15.452,04	0
AXIAL INGENIERIA SLU (3)	23.076,10 / 27.922,20	2

Nota:

A oferta económica de ELECNOR,SA, vai referenciada a un exercicio, e debe entenderse a oferta para os dous exercicios o dobre, efectuando unha sinxela operación matemática.

A oferta económica de NARONTEC GESTIÓN,SL, refírese a un exercicio, e debe entenderse a oferta para os dous exercicios o dobre, con un cálculo sinxelo de tipo matemático.

A oferta económica de AXIAL INGENIERIA,SLU, é mais elevada que o orzamento de licitación, polo que debe quedar excluída. Así sucedeu.

	ANEXO VI	ANEXO VII
MANUEL NOVA CASTRO,SLU	5 / 5	12 / 0
HALLMANN ENERGIE,SL	11 / 9	15 / 1
ELECNOR,SA	3 / 2	6.652 / 38
NARONTEC GESTION SL	11 / 5	11 / 0
MONCOBRA,SA	0 / 0	408 / 0
AXIAL INGENIERIA SLU	3 / 0	3 / 0

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

PUNTUACIÓN ECONÓMICA			
	OF. ECONÓMICA	MAIORES MEDIOS PERSOAS ASIG.	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVA CASTRO,SLU	88,07	10,00	98,07
HALLMANN ENERGIE,SL	75,71	10,00	85,71
ELECNOR,SA	74,37	5,00	79,37
NARONTEC GESTION SL	67,61	10,00	77,61
MONCOBRA,SA	90,00	-	90,00
AXIAL INGENIERIA SLU	(por encima do tipo de licitación) EXCLUÍDA		

Unha vez completada a documentación, do sobre A, continuarase co procedemento. Trámite que consta realizado, segundo se precisa no apartado seguinte.

A mesa de contratación volve a reunirse o 29 de novembro de 2018, para dar conta da subsanación da documentación requirida ás empresas que presentaban algún trámite subsanable na documentación xeral (consideración sexta) e proceder a proposta de adxudicación.

Deuse conta do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento de data 26 de novembro de 2018, sobre a subsanación da documentación administrativa, e unha vez emendadas, as deficiencias detectadas na documentación administrativa, a mesa decide continuar co procedemento. A mesa acorda por unanimidade publicar na plataforma de contratación do Sector Público as puntuacións totais e elevar informe –proposta a Presidencia para que adopte a seguinte Resolución:

Excluír a empresa AXIAL INGENIERIA,SLU, por presentar unha oferta por importe superior ao orzamento base de licitación.

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	MANUEL NOVA CASTRO,SLU	98,07 puntos
2	MONCOBRA,SA	90,00 puntos
3	HALLMANN ENERGIE,SL	85,71 puntos
4	ELECNOR,SA	79,37 puntos
5	NARONTEC GESTION SL	77,61 puntos

Requirir á empresa MANUEL NOVA CASTRO, SLU, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 14 de decembro de 2018, materializouse o requirimento á empresa MANUEL NOVA CASTRO, SLU, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento. Con data 14 de xaneiro de 2019, requírese completar a documentación presentada, en trámite de subsanación prevista na cláusula décimo sétima do PCAP .

A empresa MANUEL NOVA CASTRO, SLU, atendeu en tempo e forma os requirimentos de documentación administrativa efectuados.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.”

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, MANUEL NOVA CASTRO, SLU, a contratación do servizo de mantemento dos centros de transformación da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar por 13.050,00 €, aos que se engadirán 2.740,50 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 15.790,50 € o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta referente ao medios persoais adscritos a execución do contrato, 2 operarios de mantemento por encima dos esixidos nos pregos. E coa seguinte distribución por aplicacións e anualidades:

CENTRO	ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
PALACIO PROVINCIAL	2019	9200.212	548,28
	2020	9200.212	657,94
	2021	9200.212	109,66
SANTA MARIA	2019	9200.212	548,28
	2020	9200.212	657,94
	2021	9200.212	109,66
PAZO DOS DEPORTES	2019	3420.212	913,80
	2020	3420.212	1.096,56
	2021	3420.212	182,76
SAN JOSE (TIC)	2019	3241.212	548,28
	2020	3241.212	657,94
	2021	3241.212	109,66
GRANXA GAYOSO CASTRO	2019	4120.212	804,15
	2020	4120.212	964,98
	2021	4120.212	160,83
CENTRO INTERPRETACION RIO RATO	2019	1729.212	804,15
	2020	1729.212	964,98
	2021	1729.212	160,83
MAZO DE SANTA COMBA	2019	1729.212	804,15
	2020	1729.212	964,98
	2021	1729.212	160,83
CLUB NAUTICO DE DOADE	2019	4321.212	804,15
	2020	4321.212	964,98
	2021	4321.212	160,83
CLUB NAUTICO DE AUGASMESTAS	2019	4321.212	804,15
	2020	4321.212	964,98
	2021	4321.212	160,83
SUMA			15.790,50

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade 7.895,25 € e 1.315,88 € na anualidade 2021, nas aplicacións indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- O cumprimento do deber de adscribir os medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos na cláusula 7.2 do PCAP e na cláusula décimo segunda do mesmo ou aqueles superiores que superen os mínimos contractuais.

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a súa formalización, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

- A vixencia da póliza de Responsabilidade Civil que se alude no apartado 12 do PPT.

- A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 2 anos, prorrogable por outros dous, contados dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/ou> www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e o concello de A Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de Centro Residencial no concello da Pobra de Brollón, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de marzo de 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial da Pobra de Brollón, no que literalmente se establece:

Antecedentes de feito:

Con data 2 de marzo de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de A Pobra de

Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial no concello da Pobra de Brollón, cun orzamento total de 1.400.000,00€; a achega desta Entidade provincial ascende á contía 1.200.000,00 € e 200.000,00 € polo concello da Pobra de Brollón.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobou o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía máxima de 1.200.000,00 €, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 600.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 600.000,00€.

O importe que asume o concello de A Pobra de Brollón na anualidade 2018, era de 200.000,00€.

A Deputación asumía no dito convenio, asinado o 28 de xuño de 2018, o compromiso de redactar e aportar o proxecto técnico para a contratación do centro residencial. A Deputación opera como órgano de contratación.

Consta neste servizo proxecto de execución do centro residencial no concello da Pobra de Brollón redactado polo Servizo de Arquitectura, cun presuposto base de licitación 1.747.348,56 €, polo que será necesario incrementar o financiamento do convenio para dar cumprimento aos seus fins; e, visto o prazo de execución plantexado no proxecto (12 meses), tamén é necesario aumentar a duración do convenio , coa correspondente adaptación do programa temporal de investimentos, dadas as datas nas que nos atopamos.

Inclúese no expediente, informe de supervisión do proxecto favorable, subscrito polo xefe de servizo de control de proxectos e informe de sobre prezos do proxecto, datado o 21 de decembro de 2018.

Achegase ao expediente, escrito de 29 de xaneiro de 2019 (subscrito polo Secretario Interventor) do Concello da Pobra de Brollón precisando o importe da liquidación provisional do importe da liquidación por impostos, taxas e gastos correspondentes a licenza municipal para a construción centro residencial no concello da Pobra de Brollón, de data 29 de xaneiro de 2019, que

ascende a contía de 41.425,32€, unha vez recibido un novo orzamento do proxecto e como liquidación provisional.

Tamén se incorpora ao expediente unha relación de operacións do orzamento de gastos, facilitado pola Intervención, de data 24 de xaneiro de 2019, que recolle o crédito dispoñible na aplicación 2315.62255 e 2315.622 e no que constan gastos imputados a esta aplicación por importes de 16.226,10 € (os gastos polo cálculo e xustificacións de instalacións do edificio de centro de atención a persoas maiores da Pobra de Brollón) e 2.141,70 € de cálculo de estruturas do mesmo edificio. É necesario, para afrontar estes gastos necesarios para cumprir os fins deste convenio, incrementar a dotación económica na medida dos gastos imputados, xunto cos importes derivados da licenza municipal para a construción centro residencial no concello da Pobra de Brollón.

Incorpórase informe da xefatura da sección de Benestar Social e Igualdade de data 30 de xaneiro de 2019.

O clausulado do convenio que resulta afectado por estes cambios son os seguintes:

A cláusula primeira do convenio, sobre o obxecto contempla as respectivas achegas das partes, que debe ser modificada en función do presuposto base de licitación do “proxecto identificado como proxecto básico e de execución modificado de residencia para persoas da terceira idade” e o conxunto de gastos soportados e non previstos na redacción inicial do convenio.

A cláusula 3ª, sobre obrigas e compromisos das partes.

A cláusula 4ª, sobre o réxime económico coas aportacións anuais.

A cláusula 6ª, en canto a duración do convenio interadministrativo.

O citado convenio contempla, na cláusula sétima, a posibilidade da súa modificación, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio esté vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Ademais das necesidades de financiamento, vese afectada a duración prevista, dado o prazo de execución das obras, de 12 meses, sinalado no proxecto técnico.

Xa que nos atopamos no mes de xaneiro de 2019, atendendo ás tramitacións administrativas necesarias para a licitación, adxudicación, comprobación do replaneamento, resulta que a execución, no prazo previsto no proxecto, pode estenderse ao ano 2020.

Así as cousas, cabe entender oportuno incorporar crédito ao ano 2020, atemperando o financiamento ao prazo de execución previsible das obras, si ben sempre será posible o reaxuste de anualidades nos termos do artigo 96 do RD 1098/2001, de 12 de outubro.

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedan redactadas da seguinte maneira:

Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de A Pobra de Brollón e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias, para acadar fins comúns mediante da construción do centro residencial para persoas maiores do concello de A Pobra de Brollón.

Para alcanzar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizar o seguinte investimento e actividade:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCIERA DO CONCELLO A POBRA DE BROLLÓN
1.- CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN	1.547.348,56 €	200.000,00 €
2- CÁLCULO E XUSTIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO EDIFICIO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A POBRA DE BROLLÓN	16.226,10 €	
3- CÁLCULO DA ESTRUCTURA DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A POBRA DE BROLLÓN	2.141,70 €	
4- LICENZA MUNICIPAL PARA O CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN	41.425,32 €	
TOTAL	1.607.141,68 €	200.000,00 €
TOTAL CONVENIO		1.807.141,68 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para o ese fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

(...)

Obrigas e compromisos das partes.

Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción das obras e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do establecemento para residencia, na data límite do 30 de setembro de 2020, que se executarán na parcela con referencia catastral 27047A032009230000ST.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de A Pobra de Brollón aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de A Pobra de Brollón.
(...)

Réxime económico.

Achega financeira da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.609.923,23 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.622, 2315.622.55 e 2315.22706, do orzamento xeral da Deputación de Lugo das anualidade 2018, 2019 e 2020, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2018: 600.000,00€.

Ano 2019: 600.000,00€.

Ano 2020: 409.923,23€.

Achega do Concello:

O Concello de A Pobra de Brollón aportará 200.000,00 € , para a construción do centro residencial A Pobra do Brollón, conforme ao seguinte desglose:

Ano 2018: 200.000,00 €.

O importe a financiar polo concello de A Pobra de Brollón, será ingresado na conta da Deputación de conformidade cos seguintes ítems:

a) A aportación farase efectiva contra certificación de obra.

b) O concello de A Pobra de Brollón deberá remitir á Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento mediante certificado de retención de crédito e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso do non pagamento da cantidade a financiar polo concello de A Pobra de Brollón, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contraditorio.

Transmisión, a Deputación provincial, da propiedade da parcela con referencia catastral 27047A032009230000ST, libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial, incluída no inventario municipal do Concello. O Concello comprométese a adoptar os acordos e desenvolver os trámites xurídico-administrativos necesarios para entregar a propiedade de dito inmovible a Deputación, consonte coa lexislación e instrumentos de xestión patrimonial, configurada como unha técnica de cooperación, a fin de que a Deputación constrúa o equipamento residencial, coa e consecuente accesión da obra nova.

Baixas na licitación:

En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes gastos e necesidades:

Aos custes das direccións facultativas que se precisen para a execución das obras, de ser xustificadamente externalizadas. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial en tal caso.

Ao pagamento de tributos que se liquiden polas licencias ou títulos habilitantes que outorgue o Concello para a construción e ocupación do centro residencial.

A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, dito centro.

Titularidade dos resultados da cooperación:

Tanto os terreos aportados polo Concello para a construción do centro residencial, como a edificación construída, serán propiedade da Deputación Provincial de Lugo. A estes efectos e rematada a construción do centro residencial, recibiranse as obras polo órgano de contratación, con convite á representación do Concello de A Pobra de Brollón e da Deputación de Lugo, a fin de que poda comparecer a ese trámite, e seguidamente procederase a súa incorporación ao inventario e inscrición Rexistral.

A Deputación, como órgano de contratación, facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña e sexan precisos para a incorporación ao dominio provincial.

Esta determinación non exclúe que, no futuro, en función do que se acorde conforme ao establecido no ordenamento xurídico, se instrumenten, entre ambas administracións públicas, operacións de xestión patrimonial para a prestación do servizo, como adscricións, mutacións e análogas.

(...)

Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articula, neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que

consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica(...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

E encanto os títulos competencias da Deputación Provincial a nivel da LSSG, 13/2008, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio da Pobra do Brollón, aprobado pola Xunta de Goberno de data 2 de marzo de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2019. A cláusula quinta do mesmo dispón : “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

As obrigas económicas xeradas trasládanse ao exercicio de 2020, coas cautelas preventivas propias dos gastos plurianuais.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do

Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe o asinado en data 30 de xaneiro de 2019.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula primeira, terceira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial do concello da Pobra de Brollón, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 409.923,23€ para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.200.000,00 € da un total de 1.609.923,23 €) con cargo a aplicación orzamentaria 2315.622, 2315.622.55 e 2315.22706. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 409.923,23€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Protocolo xeral de actuación para impulsar a apertura aos usuarios dunha Residencia da Terceira Idade no concello de Meira.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación en sesión que tivo lugar o 9 de marzo de 2018, declara (entre outros) a perda da condición de medio propio de SUPLUSA e acorda tramitar un protocolo xeral de impulso e actuación para a apertura aos usuarios de determinadas residencias públicas promovidas e/ou financiadas pola Deputación

O Concello de Meira manifesta en escrito de 16 de xaneiro de 2016 a vontade de que se proceda a redacción e formalización dun novo convenio de colaboración.

A utilización deste documento de protocolo xeral (documento de intencións), conta con precedentes, xa utilizados con outros concellos, en relación co impulso a contratación, remate e apertura ao público de centros de atención a maiores: Becerreá e Guitiriz para a construción e Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Pedrafita e Ribas de Sil para a posta en funcionamento.

O borrador do protocolo, incorporado ao expediente, trasladouse por correo electrónico ao Concello de Meira. O concello aprobou en Xunta de Goberno do 28 de Xaneiro de 2019 a sinatura do Protocolo identificado na cabeceira.

O documento analizado detalla os fins comúns perseguidos, con fundamento na lexislación de réxime local, sobre réxime xurídico do sector público e de servizos sociais. Sublíñanse as competencias municipais en servizos sociais comunitarios específicas por parte do Concello, as competencias da Deputación Provincial en cooperación aos municipios do seu territorio e o reforzamento das relacións interadministrativas en materia, a través do deber de colaboración e das técnicas de cooperación.

O mesmo documento recolle igualmente a vontade común de impulsar un sistema de coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente co Concello de Meira, cuxa Residencia da Terceira Idade está próxima a finalizar, para satisfacer as necesidades sociais existentes coa maior celeridade posible.

O protocolo concreta a súa vixencia e define a súa natureza xurídica.

Fins comúns das partes.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración

social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

A Deputación de Lugo e Concello de Meira que participan neste protocolo xeral, manifestan expresamente a firme convicción de prestar os servizos públicos de atención directa a través de programas pertencentes aos servizos sociais comunitarios específicos nos centros de atención a persoas maiores, concretamente o de carácter residencial, promovido e cofinanciado dende estas entidades locais, actuando como servizos de proximidade, no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e a calidade de vida; e, como efecto derivado a dinamización, socialmente sostible da actividade económica local.

A Deputación provincial de Lugo en colaboración co Concello de Meira acomete un ambicioso proxecto de construción dunha Residencia da Terceira Idade, que na actualidade atópanse fase execución próximo a rematar.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión de 9 de marzo de 2018, declarar a perda da condición de medio propio de SUPLUSA para a prestación de servizos sociais, se ben se permite a continuidade das encomendas que non resulten afectadas, como a construción de residencias e centros de día que atopan actualmente en construción.

Existe unha necesidade real e efectiva destes recursos sociais: o proceso de envellecemento da poboación comporta un importante reto para a nosa sociedade, sendo na actualidade non só un reto de futuro senón do presente. Con todo, en oposición ao temor xeneralizado de que o envellecemento provocará a desestabilización do Estado de Benestar, débese converter unha oportunidade. Non se pode esquecer que o alongamento da vida é un logro das sociedades desenvolvidas e como tal debe exporse. Os cambios demográficos que se están producindo na sociedade en xeral e a lucense en particular requiren unha revisión das formulacións vixentes sociais, económicas e políticas.

A exclusión social é un dos problemas que afecta ao grupo de persoas mais envellecidas. Variables que aumentan a posibilidade de exclusión veñen determinadas por factores como son, por exemplo, a idade, o sexo ou as características persoais ou sanitarias. Neste senso, a poboación mais envellecida convértese nun grupo con alto risco de padecer exclusión social. A iniquidade que sofre a poboación de 65 e máis anos maniféstase primordialmente polas desigualdades derivadas da distribución dos ingresos e do acceso aos recursos, acceso que está mais limitado e restrinxido nas áreas rurais de alta e elevada dispersión.

Unha variable clave na determinación da situación de risco de exclusión social é a estrutura do fogar. Os fogares unipersonais formados por persoas de 65 e máis anos, xunto cos monoparentais encabezados por mulleres, son os que maior risco de padecer exclusión social teñen, variables que se acentúan nas zonas rurais de alta e elevada dispersión poboacional.

Así as especiais necesidades das persoas maiores que padecen algún tipo de limitación non só física senón tamén socioeconómica fan que, en moitas ocasións, a permanencia no seu domicilio familiar cunha calidade de atención óptima non sexa factible. É por iso polo que é necesario habilitar equipamentos destinados a paliar estes déficits a través de apoios puntuais, continuos e/ou permanentes das persoas maiores que os poidan precisar.

O Instituto de Maiores e Servizos Sociais, IMSERSO, co obxectivo de recoller nun único texto as liñas de actuación que orienten as políticas públicas, presentes e futuras, cara ás persoas maiores e dirixidas a promover o envellecemento activo e a solidariedade entre xeracións, etc.,

recolleu no ano 2015 nun único documento o Marco de actuación para as Persoas Maiores. Entre as súas medidas e propostas recollese: a necesidade de aumentar os recursos destinados aos coidadores de persoas maiores con e sen discapacidade, mediante a creación de dispositivos, programas de respiro familiar ou centros especializados, sinalando que os servizos ou unidades de xeriatria son moi escasos no noso país e de aí a necesidade de fomentar o desenvolvemento de recursos asistenciais específicos; procurar que a atención de xeriatria inclúase como medida no catálogo de prestacións asistenciais ofertadas polas comunidades autónomas e que non teña só unha presenza testemuñal; así mesmo, no documento maniféstase a necesidade de promocionar fórmulas e opcións non residencias e residenciais diversificadas, que faciliten que as persoas maiores poidan envellecer na contorna onde viviron e impulsar a creación de centros de día e residencias para persoas maiores, non masificadas, con formas de convivencia flexible. Neste escenario, faise necesario, en consecuencia, habilitar un centro Residencial para a Terceira Idade, onde as persoas maiores que poidan precisar deste servizo, teñan acceso ao mesmo.

A administración local luguesa salienta, entre os principios xerais do sistema galego de servizos sociais, a equidade e o equilibrio territorial, de modo que no desenvolvemento da rede de centros de atención a persoas maiores e servizos que neles se presten se compensen e removan os desequilibrios e debilidades xeográficas; garántese o acceso ao sistema das galegas e galegos que residan en áreas sociais con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio; valorízase a descentralización e proximidade de maneira que as atencións e os controis, dentro da dispoñibilidade de recursos, se leven a cabo de modo preferente polos órganos administrativos máis próximos á cidadanía (os municipais e os provincias) e que mellor coñecen a realidade da súa poboación.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en diante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, efectuada pola lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Pois ben, neste senso a Comunidade Autónoma de Galicia, en execución das súas competencias estatutarias, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (en adiante LSSG), que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar, cuxo artigo 60 establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da lei galega de servizos sociais que a súa vez promove a colaboración interadministrativa. Determinación normativa coherente co Artigo 28, 30 e concordantes do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no Art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.1 letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, a realización de obras en todo o territorio provincial. E, por último, o artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLR) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a dos “convenios” de execución de obras e instalación de servizos.

O art. 36.1 LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguintes:

- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)

- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1 d).

A LALGA , regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b) “*a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión*”.

En aplicación do Artigo 36, letra d) da LRBRL “*a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden*”.

Os artigos 114 e 115 da LALGA regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e ademais, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso mellorar os servizos públicos de carácter social (centro de atención a maiores e residencia), cuxa prestación se localiza en distintos municipios da Provincia de Lugo.

O propio artigo 57.3 da LBRL dá prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

O Concello de Meira presenta escrito de data de 16 de xaneiro de 2019 no que solicita a formalización dun novo Convenio entre a Deputación e o Concello para levar a cabo a construción da Residencia da Terceira idade.

A Deputación Provincial de Lugo, por Acordo de 16 de outubro de 2010, encomendou á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), a construción dos inmobles obxecto das futuras residencias da terceira idade a construír pola Deputación na Provincia. O Concello de Meira cedeu a Deputación os terreos construídos para a antiga “casa da música” e adxacentes para a devandita construción.

O Concello de Meira asumiu o compromiso financeiro de dotar 200.000€ para a construción da amentada Residencia e que se repartiría en tres anualidades 2011, 2012 e 2013.

Por mor das dilacións tanto na redacción do proxecto como no inicio das obras de construción que non comezaron ata o 2017 así como as modificación efectuadas, o Concello de Meira interesa a redacción e formalización dun novo convenio de colaboración administrativa.

Tendo aprobado o Concello de Meira o orzamento xeral do exercicio 2019, propón a figura do cofinanciamento, correspondendo ao Concello aportar 200.000€, nun período de catro anos, a razón de 50.000€ anuais.

Esta proposta, canalizarase a través do correspondente convenio, de ser o caso.

Fins comúns das partes.

Impulsar a coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas socias: singularmente co Concello de Meira, cuxa Residencia da Terceira Idade está próxima a finalizar, para así satisfacer as necesidades existentes coa maior celeridade posible.

Dar resposta as necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.

Prestar de forma eficaz e eficiente, como servizo público, o servizo social comunitario específico nunha residencia da Terceira Idade.

Minorar os custos derivados da prestación illada: primaranse criterios de calidade, de economía, de eficiencia e de eficacia na xestión, así como, no uso racional dos recursos públicos tanto económicos, humanos e materiais, mediante mecanismos de economía de escala, como a compra pública agregada ou conxunta.

Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na bisbarra correspondente

Garantir a dirección e coordinación da prestación, con base na función pública das entidades locais implicadas na rede (Deputación e Concello), de modo que o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas se desempeñen exclusivamente por funcionarios públicos (artigo 9.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (EBEP) e artigo 92.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril).

Establecer un control e unha inspección pública permanente da Residencia da Terceira Idade e os programas e actuacións que se desenvolven neles.

Fixar un sistema de prezos públicos homoxéneos en toda a provincia acorde coa capacidade económica das usuarias e usuarios.

Manifestar, como prioritaria, a opción pola xestión directa, como medio para implementar as tarefas e prestacións necesarias para un servizo de calidade e apegado ás persoas usuarias, sen prexuízo de que por mor das limitacións da lexislación orzamentaria e de emprego público, e mentres estas se manteñan, se externalicen tarefas materiais e técnicas de prestacións concretas, non reservadas á función pública, mediante contratos administrativos de servizos, en todo caso,

vencellado á planificación dos recursos humanos dos asinantes, co fin de evitar a descapitalización do seu propio persoal técnico especializado.

Impulsar, que o persoal técnico do Concello e da Deputación, traballen en rede cooperativa, formando grupos de traballo para a elaboración dos documentos técnicos necesarios para axilizar a posta en funcionamento da Residencia: tramitación de autorizacións administrativas necesarias, normas de acceso e funcionamento internos, estudos de viabilidade; financiamento, prezos a pagar polos usuarios.

Elaborar un convenio de cooperación para someter á aprobación dos órganos competentes de cada administración, que se asinaría, como data orientativa o mes de febreiro (aproximadamente). Este convenio fixará, co contido que marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, a competencia do Concello de Meira e da Deputación (cooperación) para a prestación dos servizo social residencial, as obrigas asumidas por cada parte, o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; a prestación do servizo; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Elaborados os documentos esixidos pola normativa de aplicación, propoñer aos órganos competentes, nomeadamente os dos Concellos, como titulares da Competencia en servizos sociais comunitarios específicos, a adopción dos acordos necesarios para a apertura das residencias e centros de día e o seu funcionamento, coa coordinación e cooperación da Deputación provincial.

A estes efectos, fíxase como data orientativa finais do mes de marzo / principios de abril, para fixar o réxime xurídico aplicable para a prestación dos servizos residenciais e desenvolver os trámites que requira a lexislación sectorial e de réxime local.

Efectuados os trámites que preceden, aprobar o convenio específico entre a Deputación e o Concello, e ultimar os trámites necesarios para levar a cabo as pertinentes actividades.

Establécese como data orientativa para a sinatura deste instrumento finais de abril / principios de maio de 2019.

Reclamar a colaboración da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 64 bis da Lei de servizos sociais de Galicia.

Vixencia e natureza xurídica deste Protocolo Xeral.

O presente protocolo terá vixencia dende a data da súa formalización ata a celebración co Concello do convenio específico referido no apartado precedente (epígrafe 13).

No suposto de que durante a vixencia deste protocolo cambiasen as condicións contempladas neste, as partes de mutuo acordo, subscribirán a correspondente addenda.

A natureza xurídica deste documento é a de un protocolo xeral de actuación que expresa a vontade da Deputación de Lugo e o Concello de Meira no fin e obxectivo común de redactar un novo Convenio de colaboración administrativa para levar a cabo a financiación da construción da Residencia da Terceira Idade, como servizos sociais comunitarios específicos.

Ao presente protocolo aplícaselle o Réxime Xurídico previsto no Art. 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para os Protocolos Xerais de Actuación.

Por canto vai dito, propoño:

1º.- Aprobar o texto do Protocolo Xeral de actuación a celebrar entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para impulsar a apertura aos usuarios dunha Residencia da Terceira Idade próxima a rematar.

2º.- Convocar para a súa sinatura ao Alcalde do Concello de Meira”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA PLATAFORMA WEB DA AXENCIA DE COLOCACIÓN DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración da plataforma web da axencia de colocación da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato administrativo de subministración, a tenor do establecido polo artigo 16.3.b) da LCSP que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración:

"... b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, as súas dispositivos e programas, e a

cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición, fóra dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolto a medida, que se considerarán contratos de servizos. ..."

Obra no expediente informe do servizo de novas tecnoloxías onde se sinala que a contratación que se pretende realizar non ten a consideración dun contrato de servizos posto que non é obxecto do mesmo a adquisición de programas de computador desenvolto a medida ao sinalar que "O sistema informático ofrécese en modo SaaS (Software como servizo), isto é que o sistema está instalado no cloud privado do proveedor e o que se contrata son licencias de uso deste sistema por parte da Deputación que se renovan de forma anual. O habitual en aplicativos que se ofrecen en forma SaaS, e neste caso é así, o que se contrata é a utilización do sistema con máis ou menos funcionalidades por un período de tempo. Trátase por tanto dun contrato de subministros, que se encaixa dentro artigo 16.3.b da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación), criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención ao sinalado nos informes que obran no expediente do servizo de novas tecnoloxías e da sección de promoción económica e emprego e de acordo co previsto no artigo 168 c) 2. da LCSP, onde se dispón que

poderá empregarse o procedemento negociado sen publicidade nos contratos de subministración “Cando se trate de entregas adicionais efectuadas polo proveedor inicial que constitúan ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou ben unha ampliación das subministracións ou instalacións existentes, se o cambio de proveedor obrigase ao órgano de contratación a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e de mantemento desproporcionadas. A duración de tales contratos, non poderá, por regra xeral, ser superior a tres anos”

A este respecto o Servizo de Novas Tecnoloxías que obra no expediente dispón:

“Ademais, consideramos que este suministro entraría nos supostos onde se pode aplicar o procedemento de negociado sen publicidade indicado no artigo 168 da LCSP, en concreto no suposto indicado no apartado c, punto 2º do citado artigo.

Ao contrario de outro tipo de aplicacións onde a compra da licenza ou o desenvolvemento a medida da mesma ten unha inversión normalmente bastante máis elevada que o mantemento posterior, neste tipo de aplicación SaaS, ao non haber instalación, o que se acostuma é a cobrar un prezo de arrendamento por un tempo determinado que normalmente se mantén nos mesmos termos económicos en cada renovación. É preciso renovar de forma periódica estas licenzas de uso para continuar usando a aplicación e acceder ás novas características implementadas”.

Pola súa banda o informe da Sección de Promoción Económica e Emprego di textualmente:

“Á vista do difícil que resulta interiorizar novos modelos Tics na busca activa de emprego os colectivos, e a todo o traballo realizado no ano 2017, coas accións xa integradas entre os cidadáns e empresas, en relación o procedemento de inscrición, publicación de ofertas e resultados, sería necesario renovar o mantemento da plataforma da Axencia de Colocación ca mesma imaxe e polo tanto coa mesma empresa coa que se contratou “e polo tanto coa mesma empresa coa que se contratou o inicio da actividade, polos motivos apuntados na conclusión nº 2 e que se resumen, por unha banda, no feito de que os usuarios da axencia de colocación xa teñen interiorizados as accións necesarias para realizar unha busca adecuada de emprego a través da páxina da Axencia, por que

levan un ano traballando coa mesma ferramenta e xa son coñecedores dos modelos e dos procedementos necesarios para a correcta utilización da mesma, e por outra banda o perigo que supón a migración de datos e a continuidade ininterrompida do servizo.”

A contratación non está suxeita a regulación harmonizada, dado o seu importe, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP, desenvolto nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP, de acordo co sinalado ao respecto no informe da Sección de Promoción Económica e Emprego, onde se di que: “Non procede a división en lotes da presente contratación polo feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, como son a interrupción de servizo, migración da información ou cambios importantes na interface e usabilidade, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes”.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 2 de xaneiro do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410.216 (RC:19/3), por un importe total de 1.936,00 €.

Existe Informe da Sección de Promoción Económica e Emprego, no que se recolle que coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe da Sección de Promoción Económica e Emprego que forma parte do expediente e no que se conclúe o seguinte:

“En base ao anteriormente exposto, a necesidade administrativa a satisfacer coa presente contratación é a de cumprir dunha maneira axeitada, eficaz e eficiente, coas obrigas que xera a inclusión da Deputación de Lugo como Axencia de Colocación, estipuladas no Real Decreto 1796/2010, de 30 de decembro”

O prazo de duración da presente contratación será de 12 meses. Este prazo comezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas.

O contrato poderá ser obxecto dunha prórroga de 12 meses, sempre que as súas características permanezan inalterables, de conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º. Na presente contratación, o importe é inferior á dita cantidade, de modo que non procede este recurso especial.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do Artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, isto é, os recursos administrativos

ordinarios, ou ben, consonte coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade cos procedementos e prazos fixados nesta lexislación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración da plataforma web da axencia de colocación da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobado os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobado o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido no artigo 168 c) apartado 2º da LCSP, e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento que curse convite á empresa SERNUTEC, Servicios y Nuevas Tecnologías, S.L., para a presentación da súa oferta e tamén durante a fase de negociación.

5º.- Aprobado o gasto por importe de 1.600,00 €, aos que habería que sumar en concepto de IVE (21%) 336,00 euros o que fai un total de 1.936,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL “NOSMUEVELUGO.COM”, PARA O IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ASUNTOS PÚBLICOS E A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS INICIATIVAS DESENVOLTAS POR ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN, PARA A MELLORA DO BENESTAR DOS VECIÑOS DA PROVINCIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación da campaña de publicidade institucional “nosmuevelugo.com” para o impulso da participación cidadá nos asuntos públicos e a promoción e difusión das iniciativas desenvoltas pola deputación de Lugo para a mellora do benestar dos veciños da provincia.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación); criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á execución dos dereitos exclusivos relacionados co contido da propiedade industrial da marca “nosmuevelugo.com” (artigos 1 e seguintes da Lei 17/2001, do 7 de decembro de Marcas), ostentados pola empresa EL PROGRESO S.L, a cal ten rexistrada dita marca atopándose en vigor ata o 05/12/2024 segundo documento que acompaña ao expediente, correspondéndolle por tanto ao seu titular o dereito exclusivo a utilízalas no tráfico económico así como tamén a posibilidade de prohibir que terceiros, sen o seu consentimento, utilicen no tráfico económico determinados elementos identificativos de ditas marcas (artigo 34 da amentada norma). A marca pode ser obxecto de licenza (art. 48 da sinalada lei). En base ao anterior, xustifícase á contratación directa coa única empresa á que se lle pode encomendar esta prestación ao abeiro do disposto no artigo 168 a) apartado 2º da LCSP, por ser procedente á protección de dereitos exclusivos, con amparo nunha norma especial como é a Lei 17/2001, do 7 de decembro de Marcas.; esta norma tal e como se expresa no seu preámbulo sinala que ten por obxecto o réxime xurídico dos “signos distintivos”, categoría xurídica que configura un dos grandes campos da propiedade industrial.

A maior abastanza pódese facer mención á Resolución 125/2018 recaída no Recurso 1315/2017, do Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais do 9 de febreiro do 2018, que no seu fundamento de dereito quinto, xustifica a utilización do procedemento negociado sen publicidade para a contratación de prestacións afectadas por dereitos de propiedade intelectual e industrial, sinalando textualmente o seguinte:

“En consecuencia, en este expediente (como lo fue en el expediente recurrido con el número 195/2016 señalado en el párrafo anterior) se mantiene y no se discute la titularidad sobre el uso de los derechos de propiedad industrial e intelectual corresponde exclusivamente a INDRA, y que la Administración tiene únicamente respecto de la misma un derecho de uso no transferible a terceros, no siendo posible sino el procedimiento negociado sin publicidad para contratar aquellos derechos de propiedad intelectual e industrial.”

Nesta Resolución, cítase unha precedente (a número 301/2016), procedente do recurso nº 195/2016 e “obiter dicta” cabe citar os argumentos expresados na resolución 154/2016, dimanantes, en tanto que expresa – no seu fundamento xurídico 4º que si “el objeto del

procedimiento fuera un producto patentado podría constituir un motivo para la contratación directa, mediante un procedimiento negociado sin publicidad, con el titular de la patente, tal y como indica el órgano de contratación en su informe....”

Tamén se fundamenta na incidencia da doutrina do Tribunal Constitucional na adxudicación dos contratos de publicidade institucional, en tanto que se debe compatibilizar o concreto exercicio de accións publicitarias respectuosos con dereitos de exclusiva de determinados espazos publicitarios e o reparto equitativo da publicidade institucional (STC 104/2014, Fx. 8), en cuxa implementación se encadra a actividade prestacional de tipo publicitario, ordenado a través deste PCAP e o respectivo PPT.

O artigo 168 a) apartado 2º establece entre os supostos habilitantes da tramitación do procedemento negociado sen publicidade, a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial. No informe de necesidade de contratación, relaciónanse tamén as cuestións relativas á execución de dereitos de exclusividade

Modúlanse outras eventuais alternativas, non baseadas na exclusividade da propiedade industrial derivada da marca “nosmuevelugo.com”, no reparto equitativo de publicidade institucional, en execución do Plan de Medios da Deputación Provincial de Lugo para 2019. Esta acción busca combinar e compatibilizar o respecto á creación industrial, co respecto aos principios constitucionais de igualdade e non discriminación no reparto do gasto publicitario que realizan as administracións públicas.

Por último, e dado que está directamente relacionado coa protección de dereitos exclusivos de propiedade intelectual e industrial, e o emprego do procedemento negociado sen publicidade regulado no artigo 168 da LCSP, citar tamén o Estudio jurídico sobre la condición de bienes incorporeales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos (Gimeno Feliu, Jose María), que na súa consideración terceira sinala:

“Por último, quedan por mencionar los supuestos en que se quieran adquirir unos derechos exclusivos sobre servicios donde existan derechos intelectuales que puedan ser objeto de explotación y no tienen carácter de propiedad incorporal. El artículo 168 LCSP habilita un procedimiento negociado sin publicidad cuando « las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial». El elemento de derechos de propiedad intelectual es evidente siempre que se pretenda la relación con una Universidad Pública en la que se ponga como valor para la decisión de adquisición un elemento diferenciador «personalísimo».

En determinados servicios audiovisuales, al margen de la propiedad incorporal, el poder adjudicador podrá utilizar este procedimiento. Y, aunque las cuantías fueran de un contrato menor, en una interpretación sistemática, resulta evidente que no funcionaría el límite cuantitativo global del artículo 118 LCSP, ya que no se aplica en los casos donde el «contratista», tiene derechos exclusivos, o razones técnicas o económicas (así lo indica el propio 118.3 al señalar, con relación a ese límite, que «quedan excluidos los supuestos encuadrados en el artículo 168 a) 2.º».

A contratación non está suxeita a regulación harmonizada, dado o seu importe, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP, desenvolto nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división en lotes, segundo informe incorporado ao expediente emitido polo Gabinete de Comunicación, no que textualmente se di: “Non procede a división en lotes da presente contratación por razóns de exclusividade, motivada polo feito de que a empresa EL PROGRESO S.L. declara posuír en exclusiva os dereitos da marca nsmuevelugo.com, de tal maneira que as prestacións obxecto da contratación, isto é, a inserción de publicidade institucional empregando dita marca, soamente poden ser encomendadas a esta empresa, non sendo posible, por tanto, promover a concorrência”.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 30 de xaneiro do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22602 (RC:22019/809), por un importe total de 120.758,00 €.

Existe informe do Gabinete de Comunicación, no que se recolle que coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado especialmente tendo en conta os prezos por publicación segundo as tarifas oficiais do diario El Progreso, sendo, por tanto, o prezo total do contrato adecuado para o seu efectivo cumprimento.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Gabinete de comunicación que forma parte do expediente e onde textualmente se di:

“A necesidade administrativa a satisfacer con esta contratación resúmese nos seguintes aspectos:

- Procurar o cumprimento por parte da Deputación de Lugo, do seu deber de informar aos cidadáns das actividades que realiza, dos servizos públicos que presta, e en xeral, de todos aqueles extremos que son necesarios para que os veciños da provincia exerzan os seus dereitos e cumpran os seus deberes. En particular, reforzar a información que se proporciona en relación as iniciativas postas en marcha pola Deputación de Lugo e que están directamente vinculadas coas persoas e coa cidadanía, sobre todo considerando que o destinatario final da maioría das iniciativas impulsadas polo organismo provincial son os veciños/as da provincia de Lugo e que un dos principais obxectivos dos poderes públicos é traballar na procura do benestar dos seus administrados.

- Promover e impulsar, de xeito indirecto, a participación cidadán nos asuntos públicos como medida de valorización do territorio. A participación cidadán é unha peza clave no

sistema democrático que promove a construción dunha sociedade activa que axude a impulsar calquera aspecto da vida social, económica, cultural ou política. É a base para o desenvolvemento de vantaxes competitivas nos territorios, a fin de convertelos en destinos de calidade. A participación cidadán é un dos piares básicos nos que a actual Corporación Provincial subستا as súas políticas de Goberno”

Por tratarse dun contrato de servizos, obra no expediente informe emitido polo Gabinete de Comunicación, onde se sinala que “pola propia natureza deste tipo de prestacións, a Deputación non dispón dos medios persoais e materiais suficientes para acadar un nivel de difusión e impacto semellante ao que supón a publicación de publicidade institucional nun medio de comunicación líder de audiencia como pode ser o diario El Progreso. Ante esta insuficiencia de medios, faise necesaria a contratación externa da mencionada campaña de publicidade institucional”

O prazo de duración/execución do contrato estenderase ata o 30 de decembro do 2019 ou, no caso de que a totalidade de insercións publicitarias se realicen antes da finalización de dita data, na data na que se realice a última inserción. Este prazo empezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato. As prestacións obxecto do contrato segundo o previsto no PPT celebrárase neste iter temporal.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º. Na presente contratación, o importe é inferior á dita cantidade, de modo que non procede este recurso especial.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do Artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, isto é, os recursos administrativos ordinarios, ou ben, consonte coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade cos procedementos e prazos fixados nesta lexislación

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da campaña de publicidade institucional “nosmuevelugo.com” para o impulso da participación cidadá nos asuntos públicos e a promoción e difusión das iniciativas desenvoltas pola Deputación de Lugo para a mellora do benestar dos veciños da provincia.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido no artigo 168 a) apartado 2º da LCSP , e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es)

4º.- Ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento que curse convite á empresa EL PROGRESO DE LUGO S.L. para a presentación da súa oferta e tamén durante a fase de negociación.

5º.- Aprobar o gasto por importe de 99.800,00 euros, aos que habería que sumar en concepto de IVE (21%) 20.958,00 euros o que fai un total de 120.758, 00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FASE II DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 8 de outubro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases que regulan o Programa Tecendo Emprego.

O extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 239 do 18 de outubro de 2018.

Con data 21 de decembro do 2018, resolveuse a relación definitiva das entidades beneficiarias, entidades excluídas e listaxe de perfís do citado programa , publicándose no BOP (N° 002) de data 3 de xaneiro de 2019.

Este programa contempla dúas fases:

- Fase I dirixida as entidades, subvencionándolles os custes de seguridade Social e salario durante un ano.
- Fase II son actuacións dirixidas os desempregados da provincia para mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no ámbito laboral, así como o fomento de contratos que melloren a situación dentro do mercado nun intento de frear os datos de paro e a tendencia da contratación en precario e conseguir dinamizar o emprego entre os colectivos con estas contratacións.

Para regular esta fase, redáctanse unhas bases que regulan a convocatoria, onde se detalla o procedemento de inscrición e selección dos desempregados, así como a futura asignación á entidade

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar as bases da Fase II do Programa Tecendo Emprego.

- Aprobar os anexos de solicitude da fase II.

- Aprobar a súa publicación no BOP, páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación Provincial de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Considerando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que a seguinte entidade beneficiaria renuncia a subvención outorgada (achégase renuncia):

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCIÓN	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29221	JOSÉ ANTONIO LÓPEZ RIVERO	7.415,71€	23/01/2019

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos sectores Estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte empresa:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29221	JOSÉ ANTONIO LÓPEZ RIVERO	7.415,71€	23/01/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA PRAZA “TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda deixar o presente asunto sobre a mesa para o seu mellor estudo.

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA PRAZA TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDIFICACIÓNS E OBRAS”, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:



“Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar os procesos selectivos para a provisión definitiva das prazas do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indican, polo sistema de Concurso- Oposición Libre, correspondente á Oferta Emprego Público do ano 2018.

Caracterización da praza.

GRUPO E SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Nº VACANTES	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	DATA PUBLICACIÓN BOP
			Nº POSTO		
A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	853	Técnico/a Superior de Edificacións e Obras	OEP 2018 BOP de 28/12/2018 (Nº 296)
			1337		

Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- Artigo 9.1.) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que *“son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”*.

- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: *“A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Artigo 50 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “o exercicio das atribucións e competencias que lle deleguen o presidente/a ou o Pleno da Corporación”; séndolle delegada a dita atribución pola Presidencia, mediante Resolución de 26 de xullo do 2018 (BOP nº 171, de 27 de xullo de 2018).

Proposta de acordo.

Considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva das seguintes prazas:

Grupo e Subgrupo	Clasificación	Nº Vacantes	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
			Nº POSTO	
A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	853	Técnico/a Superior de Edificacións
			1337	

Con respecto ás Bases Xerais, que rexerán neste procedemento selectivos, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017 (publicadas no BOP núm. 241, 20/10/2017).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas correspondentes probas selectivas.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo; e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 345/2018-J.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 345/2018-J, interposto por Dona María Jesús Moreno Baamonde, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo ao circular pola estrada LU-P-4401, P.K. 7.8, debido á existencia de fochas na calzada; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta do Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza nº 107/2018 de 12 de decembro, no Procedemento Ordinario 4283/2018, seguido a instancia de Dona Sonsoles López Izquierdo, Dona Pilar García Porto, Don Lino Rodríguez Ónega, Dona Mayra García Bermúdez, Don Miguel Ángel Sotuela Vega, Don Álvaro Santos Ramos, Don Eduardo Vidal Baamonde e Don Argelio Fernández Queipo, fronte ao acordo do Pleno adoptado en sesión de 26 de xuño de 2018; e en cuxa parte dispositiva di: *“Declarar terminado el presente procedimiento por desaparición sobrevenida del objeto del recurso. Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente. Devolver el expediente administrativo a la administración demandada. Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- Dáse conta da Sentenza nº 371/2018 da Sección 4ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 30 de novembro, ditada no Recurso de Apelación 15040/2018, seguido a instancia de Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.Unipersonal, fronte á Sentenza de data 1 de marzo de 2018 ditada no P.O. 340/16 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Estimar parcialmente el recurso de apelación interpuesto por Gas Natural Fenosa Renovables, S.L., Unipersonal, contra sentencia del Juzgado de lo contencioso-administrativo 1 de Lugo, de 1 de marzo de 2018, desestimatoria del recurso contencioso administrativo PO 340/2016, dirigido contra Resolución de la Presidencia de la Diputación Provincial de Lugo, de fecha 21/06/2016, por la que se destima el recurso de reposición formalizado en relación con las liquidaciones del IAE correspondientes a los ejercicios 2008, 2009, 2010, 2011 y 2012 por un importe de 40.756,59 euros cada una de ellas.*

Revocar parcialmente dicha sentencia, única y exclusivamente en lo que atañe al pronunciamiento referido a la liquidación del año 2008 y al pronunciamiento sobre imposición de costas.

Anular parcialmente, tanto la mencionada resolución de 21 de junio de 2016 como el Decreto de la Presidencia de la Diputación Provincial de Lugo, de 8 de julio de 2013, en ambos

casos única y exclusivamente en el extremo relativo a la aquí examinada liquidación del IAE correspondiente al ejercicio del año 2008". A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceiro.- Dáse conta do auto nº 125/2018 de 3 de decembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, ditado no Procedemento Abreviado nº 192/2018, seguido a instancia de Don Narciso Rodríguez Méndez, fronte a esta Deputación Provincial, en relación coa liquidación con referencia 75788690, relativa ao Imposto sobre Bens de Natureza Urbana dos exercicios 2012, 2013, 2014 e 2015, ditada en data 21 de marzo de 2018 no marco do expediente 2017/00/0015658 do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación; e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: *"Se declara terminado el presente procedimiento por satisfacción extraprocesal y se ordena el archivo del recurso y la devolución del expediente administrativo"*. A Xunta de Goberno queda enterada.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.